


CIRCULAR 252

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XANEIRO / FEBREIRO 2015



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 253 de marzo/abril de 2015,
e sairá a principios do mes de maio de 2015.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de abril.

6	Información Xeral
11	Información das Seccións
17	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
19	Comisión de Ética e Deontoloxía
20	Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Aprendendo a camiñar en igualdade

Ningunha conquista social é definitiva, ningún progreso é irreversible: confiámonos e pensamos que vellas reivindicacións como a igualdade están plenamente consolidadas entre as xeracións máis novas. Nada máis lonxe da realidade, ou esa imaxe é a que nos devolve o espello das estatísticas.

Este 2015 arrincaba cun estudo do CIS que deitaba datos tan preocupantes coma estes: un de cada tres mozos e mozas do conxunto do Estado (entre 15 e 29 anos) considera normal controlar a súa parella en canto a horarios, relacións con amizades ou familia; un control que se estende a temas como os estudos ou o traballo e que chega incluso a dicirlle o que pode ou non facer. Ademais, a súa percepción das desigualdades de xénero é menor que entre o resto da poboación. En cambio, si que existe un maior rexeitamento á violencia de xénero, e sete de cada dez mozas manifesta como unha actitude inaceptable o control da vida da parella. Isto indícanos un descoñecemento e unha normalización de comportamentos que non deben ser aceptados e que nos conducen a un contexto no que a violencia de xénero se xustifica e se tolera.

E se imos a idades máis temperás, os datos son máis preocupantes aínda, como vemos nas conclusións obtidas no informe *Jóvenes y género. El estado de la cuestión*, elaborado polo Centro Reina Sofía este mes de febreiro. Un de cada tres homes

de entre 12 e 24 anos xustifica as agresións machistas porque «algo faría» a vítima; unha porcentaxe que se mantén entre aqueles que pensan que a violencia contra a muller pertence ao ámbito familiar e non debe saír de aí.

O traballo xa na infancia e sobre todo na adolescencia é crucial para atallar a problemática da desigualdade de xénero, que como cada ano, o 8 de marzo lémbra-nos que non está para nada conquistada. Esa desigualdade é a base sobre a que se sustenta a violencia contra a muller e así llo trasladamos á Comisión Especial de Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento de Galicia durante a comparecencia do COPG o 22 de decembro do ano que vimos de rematar. Convidóusenos para explicar o noso posicionamento sobre a lexislación actual en materia da violencia contra a muller, tanto autonómica como estatal, e achegamos datos e unha visión realista que nos ofrece o noso próximo contacto con esta circunstancia debido aos programas de atención a vítimas e de rehabilitación de maltrata-dores que xestionamos no noso Colexio.

A prevención e a educación en idades temperás é a única saída verdadeira para erradicar a violencia machista; esta foi a men-saxe que lle trasladamos e instamos á Administración a apostar decididamente polo traballo neste ámbito, pero tamén recla-mamos garantías reais de asistencia psicolóxica ás vítimas. No imaxinario colectivo da cidadanía galega segue instalada a idea de que a violencia machista é algo inevitable que forma parte do ámbito privado, ata certo punto tolerado, e cómpre que toda a sociedade se conciencie da falsidade disto.

A lexislación garante un carácter integral na atención ás vítimas, pero non hai tal, e constatamos que a muller que decide romper coa situación de violencia na que vive coa súa parella ou ex parella está moi desamparada polo sistema. Unha peregrinación por numerosas instancias públicas, nas que repite e revive a dor da súa situación que lle provoca inexorablemente unha vitimizaci-ón secundaria. A existencia dunha instancia coordinadora real, cuns protocolos ben definidos que lle permita á muller identi-ficar o proceso con claridade e que se sinta en todo momento protexida e acompañada é imprescindible para que presentar unha denuncia non sexa unha acto desmoralizador e disuasivo.

*A nosa sociedade
é masculina, e
ata que non entre
nela a muller,
non será humana.*

Henrik Ibsen, dramaturgo

Os programas de asistencia psicolóxica que xestionamos en convenio coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia, destinados tanto a vítimas e menores dependentes como a agresores que buscan rehabilitarse, son unha solución provisional pero quedan moi lonxe do que sería idóneo. Temos o firme convencemento de que se a asistencia psicolóxica se ofrecese en atención primaria conseguiríamos detectar en estados máis iniciais posibles casos de violencia de xénero e evitar desenlaces trágicos. Pero asumindo que a atención pasa por estes programas, pensamos que é preciso que se amplíe Abramos o Círculo tamén a mozos inmersos en situacións de violencia coas súas parellas e/ou familias, xa que non hai outro servizo alternativo para situacións así.

Tamén reclamamos que no Programa de atención a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero se elimine o criterio de non convivencia co agresor, xa que está comprobado que a ruptura é un dos momentos máis delicados cando hai unha situación de violencia e debe ter apoio psicolóxico para estar mellor protexida. A existencia da figura do psicólogo ou psicóloga forense nos servizos de garda dos xulgados de violencia de xénero contribuíría tamén a esa protección, xa que aumentaría a eficacia nas denuncias e especialmente nas valoracións de riscos.

A Administración debe propoñer campañas publicitarias que realmente vaian encamiñadas á prevención e á concienciación social, que perdan ese carácter conmemorativo, porque unha muller que está inmersa nesta situación vive nun 25 de novembro cada día do ano. Promocionemos mensaxes de igualdade e de rexeitamento da violencia tamén aos homes e sobre todo, á mocidade, e ofrezamos unha imaxe de muller empoderada e non vitimizada. E por suposto, a igualdade e a violencia contra a muller ten que formar parte ineludiblemente dos currículos formativos dos profesionais implicados neste ámbito, como a saúde, a avogacía, etc. Así mesmo, nos centros educativos tampouco hai adxudicacións horarias nin desenvolvementos curriculares concretos en materia de igualdade ou de prevención, quedando á boa vontade do profesorado comprometido e militante. Insistimos: só educando en valores de igualdade desde a primeira infancia conseguiremos erradicar os comportamentos sexistas e a violencia de xénero.

Relacións institucionais

M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, asistiu o 22 de decembro á reunión do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 4 de febreiro xunto cos coordinadores dos Programas de atención psicolóxica en materia de violencia de xénero do Colexio, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó, a unha reunión coas tres fiscais de violencia de xénero de Santiago de Compostela. Nesta xuntanza trataron aspectos relacionados cos programas desenvolvidos polo COPG.

En representación do Colexio

M^a Leonor Galiana Caballero, membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, acudiu o 21 de xaneiro á reunión do Grupo de Traballo sobre Perspectiva de Xénero e Igualdade do Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia.

M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade, e M^a Carmen Lorenzo Vila, tesoureira da Sección de Psicoloxía Educativa, asistiron ao I Congreso Internacional «Os retos da educación no século XXI: Calidade e excelencia educativa», que se celebrou en Santiago de Compostela os días 17 e 18 de febreiro organizado pola Fundación Familias Mundi.

A vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora da Comisión de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Concha Rodríguez Pérez, participou como relatora nunha mesa redonda

INFORMACIÓN
XERAL



M^a Leonor Galiana Caballero



M^a Concepción Rguez. Pérez

sobre violencia de xénero celebrada ao abeiro do acto de entrega de títulos da III Edición do curso «Especialistas en intervención con mulleres vítimas de violencia de xénero», celebrada o 3 de febreiro en Lugo e organizada pola Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo.



Francisco Blanco Romero

O COPG e o Consejo General de la Psicología

O presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, Francisco Blanco Romero, asistiu á reunión da Comisión Deontolóxica Estatal que tivo lugar en Madrid o 23 de xaneiro.



José Luis Domínguez Rey

José Luis Domínguez Rey, coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) que tivo lugar en Madrid os días 13 e 14 de febreiro.

Comparecencia no Parlamento de Galicia

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, compareceu o 22 de decembro perante a Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento de Galicia, á que foi convidada para valorar a lexislación nesta materia e o seu desenvolvemento posterior.

Instouse á Cámara galega a apostar decididamente pola loita para erradicar a violencia contra a muller, especialmente a través da prevención e do traballo na Educación e reclamouse a necesidade de ofrecer garantías reais de asistencia psicolóxica ás vítimas.

Recurso contra convocatoria do Concello da Estrada

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia interpuxo recurso contra a convocatoria do Concello da Estrada (Pontevedra) para a contratación dun Licenciado ou Licenciada en Pedagogía, ao abeiro da Orde de 4 de xullo de 2014 (DOG número 133, de 15 de xullo de 2014), para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos que desenvolvan o seu labor no eido da prevención das drogodependencias, por non terse contemplado a titulación de Psicoloxía.

Reunión da Decana do COPG co Reitorado da USC

A decana do Colexio Oficial de Psicoloxía, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto co presidente e o secretario de Unión Profesional de Galicia da que forma parte, reuniuse o 20 de xaneiro co Reitorado da USC.

Nesta xuntanza expresouse a fonda preocupación polas dificultades de empregabilidade entre as persoas con titulación universitaria na nosa Comunidade Autónoma e manifestouse a disposición para abrir unha canle de comunicación fluída e construtiva por parte das e dos profesionais colexiados en Galicia. Segundo datos do informe Panorama da Educación 2014 que publica a OCDE, o desemprego entre este sector da poboación en España triplica a media dos países analizados no documento.

Para os membros de Unión Profesional de Galicia cómpre atallar esta situación, para o que considera preciso o impulso do diálogo coa Universidade. Unha das propostas foi a participación dos colexios profesionais no deseño e na elaboración dos plans de estudo de Grao e Máster Profesionalizantes para que as titulacións garden máis coherencia coa demanda laboral de calidade e coas competencias profesionais.

AVISOS


Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.



M^a Rosa Álvarez Prada

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2015



O 30 de maio terá lugar un ano máis o encontro Achegas da Psicología, que este ano temos previsto celebrar na cidade de Santiago de Compostela.

Neste acto farase entrega do Premio «Dolores Llópiz: Psicología e Sociedade 2015», galardón creado para distinguir á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da nosa profesión.

Como é tradición, tamén se efectuará un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial de forma ininterrompida, e daráselle a benvinda a todos os colexiados e colexiadas que se incorporaron, por primeira vez, ao Colexio Oficial de Psicología de Galicia ao longo do ano 2014.

No seu momento difundirase información máis detallada do evento.

Reunión de traballo coa Secretaría Xeral da Igualdade

AVISOS

Títulos de Licenciatura ou Grao en Psicología

Lembramos a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura ou grao e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu acompañada dos coordinadores dos Programas de atención psicolóxica en materia de violencia de xénero do Colexio, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trenco, a unha xornada de traballo coa secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, Belén Liste López, e a directora do Centro de Recuperación Integral, Begoña Riveira Barros.

Nesta xuntanza, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 4 de febreiro, abordaron a colaboración na atención psicolóxica tanto a vítimas como a agresores de violencia de xénero.

O encontro tamén serviu para presentación do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero de Santiago, un centro pioneiro cuxa finalidade é desenvolver un modelo de atención integral para as mulleres vítimas da violencia machista, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de tipo social, laboral e económico.

Reunión de traballo con Protección Civil

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e a vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse o 11 de febreiro co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, José Gil de Bernabé, e o xefe de servizo de Protección Civil, Pedro Luis Sánchez Castro. Nesta xuntanza abordáronse as liñas do convenio de colaboración para 2015 entre ambas as dúas institucións en materia de protección civil.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>. O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <http://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Colexiación obrigatoria

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

AVISOS

Rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogas e psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio e aínda non a presentaron no COPG, terán que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao seu expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología Educativa da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/educativa>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

A Sección de Educativa do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, celebrou o pasado 17 de xaneiro, a xornada «Necesidades afectivas especiais: Detección e intervención en contextos psicoeducativos», impartida pola psicóloga e profesora da Facultat de Psicologia, Ciències de l'Educació i l'Esport FPCEE Blanquerna, da Universidade Ramón Llull; e tamén codirectora do Posgrado e do Máster de Acollemento, adopción e post-adopción das universidades de Barcelona e Ramón Llull, Meritxell Pacheco Pérez.

Na devandita xornada abordáronse estratexias especializadas, dirixidas principalmente a profesionais da Psicología que exercen o seu labor con rapaces e rapazas en contextos psicoeducativos, coa fin de mellorar as súas capacidades para detectar Necesidades Afectivas Especiais («NAE») nas rapazas e rapaces cos que traballan e ademais realizar con eles e elas intervencións efectivas e responsables.

Para isto, a relatora Meritxell Pacheco empregou en gran medida o traballo con diferentes casos prácticos, para que así as persoas asistentes á xornada tivesen a oportunidade de adestrar as devanditas estratexias.

Hai que salientar que a xornada tivo unha importante repercusión nos medios de comunicación.



Xornada «Necesidades afectivas especiais:
Detección e intervención en contextos psicoeducativos»

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

A División de Psicología Jurídica (PsiJur) foi creada polo Consejo General de la Psicología (COP) para unificar, a nivel estatal, as e os profesionais do eido da intervención en Psicología Xurídica. En relación á División infórmase de que o día 11 de febreiro celebráronse as eleccións para elixir aos vogais da División de Xurídica (PsiJur). Segundo os resultados que se poden consultar en <http://www.cop.es/index.php?page=PsiJurElectoral2015>, saíu elixida a candidata que se presentaba por Galicia, a Dra. Mercedes Novo Pérez, colexiada G-2210.

O día 14 de marzo celebrábase o «III Obradoiro: Elaboración de informes periciais e asistencia á vista», impartido por Carmen González Pais.



Mercedes Novo Pérez

Enlace ao apartado da Sección de Psicología Xurídica da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/xuridica>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

A Sección de Psicología da Intervención Social pon en marcha neste primeiro semestre de 2015 dúas actividades encamiñadas fundamentalmente a velar pola calidade e innovación da práctica profesional.

En marzo teremos a Xornada «A intervención en Psicología da intervención social» con dous temas que cremos que son de actualidade pero que ao mesmo tempo son moi vulnerables en situacións límite e/ou conflitivas.

Por un lado, achegamos a visión e a perspectiva da deontoloxía na práctica diaria, lembraremos principios éticos propios da profesión e como enmarcalos dentro da contorna na que nos desenvolvemos. Por outra banda, e tendo coñecemento das tan diversas e cambiantes situación persoais, profesionais e comunitarias que estamos a vivir, propoñemos unha achega á reflexión e recoñecemento de emocións propias e alleas nun intento de xestionalas axeitadamente.

AVISOS

Declaración da renda

Serán gastos a deducir as cotas colexiais, ata un máximo de 500 €. Máis información na Asesoría Fiscal do COPG:

José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

(Venres de 9:00 a 13:00 h)

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/intervencion-social>

En xuño organizaremos un obradoiro no que se tratará de coñecer as novidades do uso da fotografía e videocreación como ferramenta para intervención.

Á Sección de Psicoloxía da Intervención Social tócalle neste ano 2015 elixir as persoas que serán representantes da mesma durante os vindeiros catro anos.

Os Servizos Sociais seguen a sufrir un decaemento na súa implementación e detectamos cambios que afectan directamente á súa aplicación.

Consideramos que é función da Sección de Psicoloxía de Intervención Social facer o posible para que as e os profesionais da psicoloxía en xeral e de intervención social en particular poñan o máximo interese en que a situación non interfira na calidade profesional da atención ás persoas en calquera modalidade na que se interveña.

Neste sentido, pensamos que a participación e a posta en común de inquiredanzas, perspectivas e temas de interese contribúe considerablemente a velar polo interese da profesión tanto a título individual como colectivo.

Porque cremos que é necesaria a presenza e a participación das socias e socios sen excepción, animamos a presentar candidatura para a nova Xunta Directiva da Sección no prazo que se establecerá para tal fin nos vindeiros meses.

A Sección na actualidade está presente nas reunións no Consello Galego de Benestar, no Espazo Dialoga (formado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia) e no Grupo de Traballo sobre Envellecemento do Consejo General de la Psicología. Ao mesmo tempo forma parte de todas as Comisións Intersectoriais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Calquera suxestión, idea e/ou opinión será, como sempre, ben acollida e debatida dentro da Sección.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Desde a **Sección de Psicoloxía e Saúde** queremos informarnos de que teñen iniciado a súa actividade **dous novos Grupos de Traballo** dentro da nosa Sección. Un deles traballará sobre o papel da psicoloxía na **Atención Primaria** e a coordinadora será **Mª José Carreira Vidal**, psicóloga clínica. Un segundo grupo centrará a súa atención na posta en valor da intervención psicolóxica no tratamento do **Trastorno Mental Severo**. Agardamos que o seu traballo contribúa ao desenvolvemento da nosa profesión. Así mesmo, continuarán a súa actividade o Grupo de Traballo de **Titores dos Especialistas en Formación en Psicoloxía Clínica (PIR)**, coordinado por **Carlos Álvarez García**, tesoureiro da nosa Sección, e o Grupo de Traballo en **Neuropsicoloxía**, cuxa coordinadora é **María Parada Iglesias**, psicóloga da Asociación de Dano Cerebral *Sarela*.

Formación prevista

□ Curso «Avaliación e rehabilitación da atención e as funcións executivas: Casos prácticos»

Precisamente desde o Grupo de Traballo en Neuropsicoloxía, propoñénnos de novo o Curso «**Avaliación e rehabilitación da atención e as funcións executivas: casos prácticos**», dada a boa acollida que tivo meses atrás. O curso impartirase nesta ocasión en Santiago de Compostela os días 17 e 18 de abril, estará coordinado por **María Parada Iglesias** e as docentes serán **Mª Dolores Vinagre Torres** e **Mª Jesús Gómez Vecino**, psicólogas clínicas na Asociación de Dano Cerebral Adquirido da Coruña (ADACECO).

□ Curso «A terapia de parella na práctica clínica: Un modelo de diagnóstico e intervención»

Os vindeiros 10 e 11 de abril terá lugar en Santiago de Compostela o curso «**A terapia de parella na práctica clínica: Un modelo de diagnóstico e intervención**», cuxa relatora será **Carmen Campo López**, co-directora da Escola de Terapia Familiar do Hospital da Santa Creu i Sant Pau de Barcelona e psicóloga

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre alugueiro, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

□ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

□ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

□ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: «Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000».

adxunta en dito hospital, con ampla experiencia na intervención con parellas. **Mercedes Fernández Cabana**, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde fará os labores de coordinación.

□ **Curso «Apego e psicoterapia»**

Ademais, dado o interese mostrado polos colexiados e colexiadas, ofrecémosvos de novo os días 15 e 16 de maio en Santiago de Compostela o curso **«Apego e psicoterapia»** impartido por **Elena Rodríguez Borrajo**, directora do Gabinete de Psicoloxía Alén, que abordará os trastornos do apego en nenos e nenas e na idade adulta así como a súa abordaxe psicoterapéutica. O coordinador deste curso será **Ignacio Dopico González**, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>

Lexislación

Lémbrese a todas as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área da Psicoloxía Sanitaria, a **obriga de inscribir as súas consultas no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da Xunta de Galicia**.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Guía electrónica e riscos psicosociais

A Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo creou unha **guía para a xestión do estrés e os riscos psicosociais no traballo** para que as persoas responsables das organizacións poidan aprender a identificar e manexar problemas de estrés laboral e analizar as causas e consecuencias para a saúde dos traballadores e traballadoras.

Para ampliar información:

<https://osha.europa.eu/es/press/press-releases/eu-osha-launches-free-e-guide-on-managing-stress-and-psychosocial-risks-at-work>

Condições laborais e saúde laboral

Co propósito de sensibilizar o crecente problema dos riscos psicosociais nas organizacións, a Fundación Europea para a Mellora das Condições de Vida e de Traballo (Eurofound) presentou un informe sobre a prevalencia dos riscos psicosociais que inciden na saúde e benestar dos Recursos Humanos. É de interese a súa lectura para reflexionar sobre as distintas políticas que se adoptan para combater toda a problemática vinculada á intensidade de tarefas, presión laboral, inseguridade no traballo, violencia e acoso, diferenzas de xénero e estratexias de prevención.

Para ampliar información:

<https://osha.europa.eu/es/publications/reports/executive-summary-psychosocial-risks-in-europe-prevalence-and-strategies-for-prevention>

División PTORH

A División de Psicología do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos, na súa última reunión celebrada nos mes de febreiro, entre outros, adoptaron os acordos de retomar o tema do Máster PTO con competencias propias e solicitar que o Consejo General de la Psicología remita a documentación pertinente ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Por outra banda, impulsar e colaborar coa organización do vindeiro «Congreso Nacional PTO» a celebrar en Madrid no mes de maio de 2016 e apoiar o proxecto do grupo de traballo mixto sobre espazos saudables a proposta do Consejo General de la Psicología de cara a posicionar o e a profesional da psicología no tecido empresarial en temas de saúde e dar visibilidade á figura do psicólogo ou psicóloga especialista en saúde laboral.



División de PTORH

Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/secciones/traballo-e-das-organizacions>

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación: simulacros, impartición de formación externa e interna

Simulacros

- 16 de decembro. Simulacro correspondente ao PEE da empresa FINSA-Foresa situada en Caldas de Reis (Pontevedra). Asiste M^a Luz Losada Somoza.
- 18 de decembro. Simulacro correspondente ao PEE da empresa FINSA-Foresa situada en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). Asiste Ana M^a Núñez Rubines.
- 28 de xaneiro. Simulacro correspondente ao Plan de Autoprotección do aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela ao que asistiu Elena González Cid.

Formación interna

O día 21 de febreiro realizouse o Seminario I: Repensando e abrindo o foco en violencia de xénero. Neste primeiro seminario dun conxunto de tres analizouse e afondouse nas intervencións que tivo o grupo o ano pasado neste ámbito. A coordinación deste Seminario recaeu en Concepción López Martín.



Seminario I: Repensando e abrindo o foco en violencia de xénero

Formación externa

Formación para outros Colexiados e Colexiadas en intervención psicolóxica en emerxencias. Durante este ano o GIPCE ten a intención de traballar na capacitación neste ámbito de outras Colexiadas e Colexiados alleos ao grupo pensando no futuro poder integrar a novos membros. Están previstos para este ano

dous cursos. O primeiro deles será o **Curso básico de intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias** que terá unha duración de 24 horas e realizarase os días 24 e 25 de abril e 8 e 9 de maio.

Informacións

- O pasado día 9 de decembro M^a Luz Losada Somoza asistiu á reunión preparatoria do simulacro polo PEE da empresa FINSA-FORESA de Caldas de Reis (Pontevedra) que se realizou o día 16.
- O día 21 de febreiro, aproveitando a xornada de formación interna, realizouse a reunión interna anual do GIPCE.
- **Reunión de revisión da intervención no accidente do tren Alvia:** O 11 de febreiro a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, reuníronse co **xerente da Axencia Galega de emerxencias (AXEGA)**, Juan José Muñoz Iglesias, e co **subdirector xeral de planificación e protección civil**, José Gil Bernabé. Esta é a última dun total de 7 reunións mantidas cos distintos profesionais cos que interveu o GIPCE no accidente.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



Uso dos test (II Parte)

Outra práctica pouco profesional é que os clientes ou clientas completen os test na súa casa. Na tese doutoral de Javier Urra (2007), unha das conclusións apunta que o 46,7 % posibilita que os clientes ou clientas cumprimenten os test (que non son escalas de auto-observación) na súa casa, aínda que sexa puntualmente. É importante que os suxeitos cumprimenten as probas en presenza do psicólogo ou psicóloga, o que facilita apreciar outros factores de distorsión, como a fatiga, a baixa motivación, a dificultade de comprensión dos ítems ou actitudes excesivamente suspicaces, entre outras, que se deberán ponderar na interpretación da proba e incorporar na valoración xeral. Desta maneira evítase tamén o asesoramento de terceiras persoas mentres se completa.

Destacar a importancia da confidencialidade dos rexistros das probas; o acceso de terceiras persoas distintas do suxeito avaliado require do consentimento expreso para entregar os datos. O artigo 40 do noso Código Deontolóxico establece que toda información que a psicóloga ou psicólogo recolle no exercicio da súa profesión, está suxeita a un deber e a un dereito de segredo profesional, do que só poderá ser eximido polo consentimento expreso do cliente ou clienta. O artigo 41 especifica que a información obtida só se pode comunicar a terceiras persoas con expresa autorización da persoa interesada e dentro dos límites desa autorización. Se ben o artigo 25 especifica que o suxeito dunha intervención psicolóxica ten dereito a toda a información relativa á propia intervención; se son menores este dereito á información recae sobre os pais, nais, titoras ou titores.

Outro aspecto importante fai referencia ao uso de internet: algúns tests aparecen en internet sen a autorización de autores nin de editores, violando os dereitos de copyright, e sen ningunha precaución en relación coa seguridade dos tests. A difusión dos tests e o acceso destes a toda a poboación propón un problema que o psicólogo ou psicóloga ten que ter en conta no proceso de avaliación e na fiabilidade dos resultados. Os psicólogos e psicólogas que elixen servizos de cualificación e interpretación (incluídos os servizos automatizados) manteñen



a responsabilidade da aplicación axeitada, a interpretación e o uso dos instrumentos de avaliación.

En definitiva, a mala praxe implica consecuencias negativas non só para o cliente ou clienta, senón tamén para a psicóloga ou psicólogo e para a colectividade psicolóxica; de aí a prioridade de poñer todos os medios que estean ao noso alcance para fomentar o cumprimento dos códigos e normativas existentes.

Véxase o número monográfico dedicado ao tema «A opinión dos psicólogos españois sobre o uso dos tests», na revista *Papeles del Psicólogo* 2010. Vol. 31 (1), pp. 108-121.

Mención interese: www.cop.es (Consejo General de la Psicología. Comisión de Test).

*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-05361	Mónica Sara	Álvarez Ourens
G-05362	Bruno Alejandro	Paz Fraga
G-05363	Eva	Silva Pérez
G-05364	Alberto	Lago López
G-05365	Benjamín	Salvador Simón
G-05366	Belén	Castro Pombo
G-05367	Purificación	Reguillo Calero
G-05368	Lucía Juventina	Rodríguez Pérez
G-05369	Alexia	López Del Río
G-05370	Mónica	Lamas Beceiro
G-05371	Noelia	Ouro Martínez
G-05372	Jesús	Rodríguez Garabal
G-05373	Eva	Vázquez Bello
G-05374	Ana María	Cidras Castillo
G-05375	Jorge	Alonso López
G-05376	Beatriz	Vázquez Veiras
G-05377	Claudia Jone	Fernández Díaz
G-05378	Marta	Gómez Montero

Somos 2844 colexiadas e colexiados

CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Información Comisións

Información Grupos

Comisión de Ética e Deontoloxía

Actividades culturais






Últimos Colexiados/as

Código Deontolóxico

Publicacións-Biblioteca

Avisos

Cursos, Xornadas e Congresos



SERVIZOS A COLEXIADOS E COLEXIADAS

www.copgalicia.es

PUBLICACIÓNS

- ❑ Circular Informativa
- ❑ Cadernos de Psicoloxía
- ❑ Papeles del Psicólogo
- ❑ Infocop
- ❑ Memoria

PROFESIÓN

- ❑ Quenda Informes Periciais
- ❑ Privado. Solicitud atención psicólogos/as
- ❑ Publicidade
- ❑ Distribución de ofertas formativas

EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica

FONDOS DOCUMENTAIS

- ❑ Servizo de biblioteca (COPG)
- ❑ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC

INTERNET

- ❑ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ❑ Páxina web do COPG

PROTEXDAT

Convenio en relación a servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas de asesoría fiscal e xurídica

FORMACIÓN – EMPREGO

- ❑ Programa formativo anual COPG
- ❑ Información laboral
- ❑ Información de convocatorias de oposicións

DESCONTOS ALOXAMENTO

10% para os colexiados e colexiadas en aloxamento a través da páxina web TusCasasRurais.com para casas rurais por toda España

SEGUROS MAPFRE

- ❑ Seguro de asistencia sanitaria para colexiados e colexiadas e as súas familias MAPFRE -Caja Salud
- ❑ Seguro colectivo de vida/accidentes para colexiados e colexiadas

CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88

- ❑ Pólizas de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)
- ❑ Seguro de asistencia sanitaria (ASISA)

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

<http://copg.copgalicia.org/actividades/externas>

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO «A TERAPIA DE PARELLA NA PRÁCTICA CLÍNICA: UN MODELO DE DIAGNÓSTICO E INTERVENCIÓN»

Data: 10 e 11 de abril de 2015

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

Docentes: Carmen Campo López

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

CURSO «AVALIACIÓN E REHABILITACIÓN DA ATENCIÓN E AS FUNCIÓNS EXECUTIVAS: CASOS PRÁCTICOS»

Data: 17 e 18 de abril de 2015

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

Docentes: M^a Dolores Vinagre Torres

e M^a Jesús Gómez Vecino

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

CURSO «INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS»

Data: 24 e 25 de abril e 8 e 9 de maio

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

Docentes: Ana Isabel Martínez Arranz e Carmen González Hermo

Organiza e informa: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG

CURSO «APEGO E PSICOTERAPIA»

Data: 15 e 16 de maio de 2015

Lugar: Facultade de Psicoloxía da USC

Docentes: Elena Rodríguez Borrajo

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG



Imaxe e lema das Circulares
do COPG para o ano 2015



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres
de 9:00 a 14:00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos

1980 2015
35 anos
medrando coa
profesión